

Fronda

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 93

ano 16

marzo-abril 2022

A MULLER NA INDUSTRIA OURENSÁ: UTECO-COREN



O desenvolvemento do capitalismo no século XIX supuxo a incorporación da muller ao traballo industrial, constituíndo unha man de obra máis barata que a dos homes. Pero non foi ata a década de 1960 cando esta incorporación se fixo universal. Ourense non supuxo unha excepción na progresiva integración da muller á industria con exemplos como o de **Uteco-Coren** -impulsada por Gómez Franqueira- ou como o da fábrica de plumeiros de rafia do señor Perillé nas Burgas.

Eulogio Gómez Franqueira (Cenlle, 06/06/1917-Ourense, 20/04/1988) foi un empresario e político dedicado á industria avícola, gandeira e vitivinícola. En 1959 nomeárono xerente de **Uteco** (Unión Territorial de Cooperativas do Campo de Ourense) e desde entón impulsou o cooperativismo coa creación de **Coren** (Cooperativas Ourensás), da **Cooperativa Vitivinícola do Ribeiro** (1964) ou da **Caixa Rural Provincial de Ourense** (1961).

A orixe do grupo Coren pode datarse en 1962-1963 cando Franqueira crea un programa de avicultura de carne en colaboración coa multinacional Swift. Inician daquela a explotación de 100 granxas agrícolas de 5.000 polos cada unha e constitúense como **Cooperativa Agrícola Gandeira**. Anos máis tarde, en 1966, estrean o matadoiro avícola e a primeira incubadora de aves de

Galicia. Co tempo, as factorías de Coren abranguen todas as fases da actividade avícola, desde a produción da materia prima coa fabricación dos pensos para os animais e a incubación dos ovos, ata a comercialización e a elaboración dun produto final preparado para o consumo.

Neste número de *Fronda* recolleemos fotografías que amosan a incorporación da **muller** ao traballo asalariado na cooperativa avícola Coren, instantáneas captadas no matadoiro desta empresa. As imaxes proceden do fondo documental da Organización Sindical-AISS da provincia de Ourense que conservamos no Arquivo Histórico Provincial. Testemuñan unha actividade económica moi relevante para a **memoria empresarial** desta provincia. En 1975 máis de 10.000 persoas mantiñan algún tipo de relación económica directa ou indirecta con Coren. Neses anos arredor do 20% da poboación activa española era feminina. O persoal que traballaba en Coren formábano mulleres e homes que desenvolvían as mesmas tarefas tanto no matadoiro coma no empaquetado dos polos.

[1960-1970, Santa Cruz de Arrabaldo (Ourense)]
Matadoiro de Uteco-Coren
AHPOu, Delegación Provincial da Organización Sindical- AISS de Ourense, C-3707

A incorporación da muller ao traballo industrial asalariado

A finais do século XIX a **muller galega** xa desenvolvía traballos fóra do fogar e así se documenta como **asalariada** en varias industrias: as conserveiras do litoral, as tabaqueiras e as misteiras da Coruña, as palilleiras de Noia... Antes disto as mulleres ocuparan un papel destacado en actividades que se poderían definir como "preindustriais" tanto manufactureiras, como no comercio ou nos gremios. Pero será a partir do século XX, en particular nas décadas de **1960-70**, cando se incorporen á actividade industrial de forma maioritaria.



Matadoiro de Uteco-Coren en Sta. Cruz de Arrabaldo (Ourense). AHPOu, Delegación Provincial da Organización Sindical-AISS de Ourense, C-4240

Un factor determinante para que se levara a cabo a integración da muller na **industria** foi a baixa produtividade do sector agrícola. Na década de 1960 a poboación activa agraria roldaba o 65% do total mentres que a produción neta deste sector só acadaba arredor do 31%. Isto animou a que as féminas buscasen un emprego complementario nas factorías compatible co traballo agrícola e coas tarefas domésticas. Co tempo, as actividades agrarias acabarían perdendo a súa primacía en favor da industria e dos servizos, tanto no conxunto do territorio nacional como en Ourense, onde o despegamento industrial se iniciou arredor da capital.

Desde as décadas de 1960-70 o ingreso da muller no mercado laboral marcou a transformación da sociedade española. Precisábase máis man de obra para que tivese éxito o **despegamento industrial**. A introdución da tecnoloxía en gran parte dos fogares españois foi outro dos factores que contribuíu á incorporación da muller ao ámbito laboral. Algunhas das tarefas domésticas propias do rol feminino mecanizáronse, co que estas dispuxeron de máis tempo para adicarse a outras actividades.

Todos estes cambios, xunto co coñecemento e imitación doutros **modelos sociais** que viñeron da man do turismo masivo desde a década de 1960, provocaron

unha transformación radical da ata entón pechada sociedade española. Pero a entrada das mulleres na competencia industrial precisou tamén de **cambios lexislativos**. Entre as numerosas normas ditadas na época destaca a *Lei do 22 xullo de 1961 sobre dereitos políticos, profesionais e laborais da muller*. En teoría esta lei eliminaba a discriminación laboral por razón de sexo e suprimía a desigualdade salarial. Aínda así, mantiña, por exemplo, a obrigatoriedade da **autorización do marido** para que as casadas puidesen asinar un contrato, feito que non mudou ata o ano 1975. A entrada das mulleres na industria tampouco estivo exenta de **conflitos**, xa que estas tiveron que facer fronte desde os comezos á fenda salarial, á precariedade dos contratos, a unha maior temporalidade e inestabilidade... e a unha actitude de receosa por parte dos seus compañeiros de traballo.

8 de marzo: Día Internacional da Muller

A celebración do **Día Internacional da Muller (DIM)** ten os seus antecedentes máis afastados no século XIX cando as mulleres do sector téxtil estadounidense se botaron á rúa para reivindicar melloras laborais. En 1910 deuse o primeiro paso para a celebración do DIM e para pedir o sufraxio feminino. Ao ano seguinte produciuse un **incendio nunha fábrica téxtil** de Estados Unidos onde morreron queimadas 146 persoas traballadoras porque os donos tiñan pechadas todas as saídas para que as operarias non puidesen afastarse dos seus postos. Daquela miles de mulleres manifestáronse nas rúas. En España o DIM celebrouse por vez primeira en 1936 liderado por **Dolores Ibárruri**.

No ano 1975 as Nacións Unidas acordaron establecer o **8 de marzo** como data para conmemorar o DIM. No territorio nacional non se celebrou ata dous anos despois, en 1977, e denominouse Día Internacional da Muller Traballadora. Nese ano houbo en Galicia sendas manifestacións en Vigo e Compostela no mes de marzo co lema "Traballo si, abusos sexuais non" que foron interrompidas pola policía.

Desde unhas primeiras reivindicacións nas que se reclamaba o dereito ao voto ou ao acceso á ensinanza superior, pasando por esixir a igualdade salarial, e continuando pola loita incondicional contra a violencia de xénero, cada 8 de marzo reivindícase algo tan doado de entender e ao mesmo tempo tan difícil de conseguir como é a **igualdade**. Avanzouse e acadáronse algúns dos obxectivos, pero segue sen recoñecerse, por exemplo, o valor social e económico do traballo doméstico e dos coidados -cos dereitos laborais e sociais que isto implica-, a fenda salarial segue existindo -tal e como o recollen todas as estatísticas-, o teito de cristal aínda non se rachou e a violencia e os asasinatos machistas continúan producíndose a diario en todo o mundo.